

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, o Concello de Alfoz e o Concello de Valadouro para a explotación da estación depuradora de augas residuais de Alfoz-Valadouro

1. Antecedentes

O 18.07.1998 e o 08.09.1998 os Concellos de Valadouro e Alfoz, respectivamente, ao abeiro do disposto no Decreto 84/1997, do 10 de abril de colaboración técnico financeira da Administración Hidráulica de Galicia coas Entidades locais en materia de abastecemento e saneamento de auga, solicitaron a Augas de Galicia a financiación e execución da obra Saneamento de Alfoz e Ferreira de Valadouro, comprometéndose a asumir a explotación, conservación e mantemento das obras unha vez rematadas e postas a disposición por Augas de Galicia.

Rematada a execución das obras e postas estas a disposición dos concellos de Valadouro e Alfoz non chegaron a asumir as súas obrigas en canto á súa explotación, conservación e mantemento, sendo a Administración hidráulica de Galicia a que veu prestando o servizo de depuración dende o mesmo remate da súa execución.

En atención ao anterior, o 29.04.2005 Augas de Galicia, previa autorización do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 25.03.1999, formalizou o contrato de xestión de servizo público en réxime concesional para a explotación da EDAR de Alfoz-O Valadouro. Alfoz e O Valadouro (Lugo); cuxo prazo de duración finalizaba o 30.05.2020.

Os concellos de Alfoz e O Valadouro manifestan a súa vontade de que Augas de Galicia continúe a xestionar e explotar as instalacións da estación depuradora de augas residuais de Alfoz- O Valadouro e, en consecuencia, a prestación do servizo de depuración de augas residuais de competencia municipal, máis alá do prazo previsto no contrato de xestión de servizo público en réxime concesional para a explotación da EDAR de Alfoz- O Valadouro (Lugo).

A Dirección de Augas de Galicia autorizou o inicio do procedemento para prorrogar o referido contrato de xestión de servizo público en réxime concesional o 12.03.2020 e o 29.05.2020 formalizouse a citada prórroga ao contrato.

En virtude do exposto, Augas de Galicia ven asumindo a xestión e explotación das instalacións de depuración de augas residuais a que se refire este convenio.

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio de colaboración establecer as condicións nas que a entidade pública empresarial Augas de Galicia continuará a asumir a xestión e explotación da estación depuradora de augas residuais de Alfoz-Valadouro de titularidade dos Concello de Alfoz e O Valadouro.

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrancia

A evacuación e tratamento de augas residuais é unha competencia propia municipal, establecida no artigo 25.2.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 80.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e que tamén recolle a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, nos seus artigos 4 e 5, no reparto de competencias entre as diferentes administracións públicas de Galicia en materia de infraestruturas hidráulicas.

De acordo co artigo 24.2 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia a actuación das administracións autonómica e local terá como finalidade, en materia de saneamento e depuración, contribuír á consecución do bo estado ecolóxico das augas e dos seus ecosistemas asociados. Neste sentido, Augas de Galicia poderá formalizar os convenios que sexan precisos coas entidades locais para conseguir os obxectivos das políticas de saneamento e depuración fixados, no ámbito da colaboración e



cooperación que debe presidir as relacións entre administracións, tal e como se recolle no artigo 30 da citada Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

4. Estimación de custos e financiamento

O custo estimado para a explotación da estación depuradora de Alfoz-Valadouro é de 14.000,00 € mensuais. Para o financiamento desta cantidade Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado retido na conta 6299 “Outros servizos exteriores” do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia no marco de expediente da prórroga do contrato de xestión de servizo público en réxime concesional para a explotación da EDAR de Alfoz-Valadouro.

Ao ser o prazo de vixencia do convenio coincidente co prazo da prórroga do contrato de xestión de servizo público en réxime concesional para a explotación da EDAR de Ortigueira, a subscrición do convenio non supón obrigas de contido económico para Augas de Galicia.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela
A directora de Augas de Galicia
Teresa María Gutiérrez López
(asinado dixitalmente)

